



O IV convenio colectivo estatal de reforma xuvenil e protección de menores non foi asinado pola CIG-Ensino ao non responder ás nosas reivindicacións nin ás dos traballadores e traballadoras

O pasado día 23 de decembro de 2020 todas as patronais do sector e só CCOO pola parte social asinaron o IV CONVENIO, hipotecando ate 2025 as condicións laborais e salariais dos traballadores/as.

A CIG-Ensino non subscribiu este IV convenio por quedar moi lonxe das nosas reivindicacións iniciais (plataforma inicial propia con propostas en case todo o articulado do convenio) e das pactadas, a posteriori, na plataforma social conxunta con

CCOO e UGT (centradas en 5 artigos ou apartados do convenio, polo interese en pechalo canto antes), pois **as “melloras” que se producen son enganosas e de pouca relevancia para os intereses dos traballadores/as, quedando as condicións laborais e salariais hipotecadas no sector ate o 2025 e sen garantías de acadalas antes.**

A denuncia do convenio fíxose algo máis dun ano antes de rematar o III coa **finalidade**

Na CIG-Ensino seguiremos a demandar un Ámbito Galego de Relacións Laborais, co voso apoio na representación sindical, que garantan negociacións reais e nas que decidades os afectados/as e non as cúpulas sindicais como está a suceder na totalidade dos convenios estatais. Hai convenios galegos que nos dan a razón e incluso en empresas deste sector.

de melloralo significativamente na xornada e nos salarios así como coa intención de **adiantarnos ás renovacións de novos pregos, contratos, convenios,... coas administracións**, co que se obrigaría a que estas tivesen que asumir esas melloras, evitándose así o seu incumprimento (como xa pasou co anterior convenio). Finalmente **o IV convenio asínase sen acadar ningún dos dous obxectivos, xa que segue sendo máis do mesmo ou máis** precario se cabe para @s traballador@s, como ben se deduce do feito de que “todas as patronais” do sector asinasen (cousa que nunca se vira) e de que pola parte social só o fixese CCOO.

IV Convenio colectivo Estatal de reforma juvenil y protección de menores

TÍTULO I.

CAPÍTULO I. Ámbitos

Artículo 1. Ámbito funcional.

1. El presente convenio colectivo será de aplicación en todas aquellas empresas, entidades, centros, programas y servicios que se enuncian, o se derivan de la aplicación de la siguiente normativa:

a) Ley Orgánicas 1/1996, de 15 de enero (RCL 1996, 145), de protección jurídica del menor, de modificación parcial del Código Civil (LEG 1881, 1) y de la Ley de Enjuiciamiento Civil (RCL 2000, 34, 962 y RCL 2001, 1892). Actualizados por la Ley 28/2015, de 28 de julio, Modifica el sistema de protección de la infancia y a la adolescencia.

b) Ley 5/2000, de 12 de enero (RCL 2000, 90) reguladora de la responsabilidad penal de los menores, o aquellas que en su momento las sustituyesen, ampliasen o modificasen, prescindiendo de la naturaleza, tipo o carácter de la empresa o entidad propietaria, ya sea su actividad la oferta de servicios, la elaboración y puesta en práctica de programas, o la gestión de cualquier tipo de centro.

2. A los efectos de protección jurídica de los menores se entenderán todas las actuaciones realizadas en la prevención, detección y reparación de situaciones de riesgo. Entendiéndose por situación de riesgo aquella en la que, a causa de circunstancias, carencias o conflictos familiares, sociales o educativos, el menor se vea perjudicado en su desarrollo personal, familiar, social o educativo, en su bienestar o en sus derechos de forma que, sin alcanzar la entidad, intensidad o persistencia que fundamentarían su declaración de situación de desamparo y la asunción de la tutela por ministerio de la ley, sea precisa la intervención en el ámbito familiar, para eliminar, reducir o compensar las dificultades o inadaptación que le afectan y evitar su desamparo y exclusión social, sin tener que ser separado de su entorno familiar.

Asimismo, se entenderá como situación de desamparo la que se produce de hecho o a causa del incumplimiento, o del imposible o inadecuado ejercicio de los deberes de protección establecidos por las leyes para la guarda de los menores, cuando estos queden privados de la necesaria asistencia moral o material.

Consecuentemente, será de aplicación el presente convenio colectivo a todas las actuaciones promovidas por las Administraciones públicas o entidades privadas en materia de protección de menores ya sean;

- Actuaciones en situación de riesgo, es decir, una situación de desprotección social que no alcanza la entidad suficiente para separar al menor de núcleo familiar, en cuyo caso, garantizan los derechos que asisten al menor, le orientan y tratan de disminuir los factores de riesgo y dificultad social que incidan en la situación personal y social en la que se encuentra el menor y su familia. Se ejecutan acciones para reducir esa

PROPOSTA PARTE SOCIAL CONSENSUADA E DE MÍNIMOS PARA ASINAR UN IV CONVENIO CON MÁIS DUN ANO DE ANTELACIÓN DE REMATE DO III CONVENIO:

Os tres sindicatos presentes na mesa negociadora acadamos unha **proposta conxunta**, renunciando a moitas outras reivindicacións, **co fin de asinar antes de fin de ano un novo convenio con melloras significativas no esencial, reparar desigualdades salariais e que o asinado tivera garantías de cumprirse nas súas**

datas, pois senón iríamos a unhas

negociacións logo de rematar o convenio actual en decembro do 2021. **Proposta feita:**

Vixencia do convenio: desde o 2022 ata o 2024-2025, segundo avances.

Xornada laboral: reducila progresivamente para alcanzar unha xornada laboral de 37'5 horas/ semanais como máximo durante a vixencia do convenio e unha xornada anual máxima de 1.672,5 horas.

Vacacións: 25 días laborables.

Permisos e licencias: 1 día de asuntos propios e adecuación de licencias a días laborables e comezo do cómputo para partir do seguinte día laborable do traballador. Lactación acumulada de 18 días laborables para ambos

proxenitores así como adaptación legal do texto do convenio (paternidade, maternidade,...).

Táboas salariais: suba dun 5% a un 7% sobre Salario Base (SB) bruto anual e complementos de reforma, dependendo vixencia convenio ate 2.024 ou 2025.

O salario base de 2022 será o resultante da suma do salario base de protección para cada posto de traballo máis a suma do seu Complemento Específico(CE), co cal se reduce o complemento específico de reforma (en 110€).

Equiparación do salario de todos os postos de traballo dentro do mesmo grupo profesional equiparándoos ao máis alto de cada un dos grupos.

Eliminar o grupo 4, pasalo ao grupo 3 e pasar mediador intercultural, aces e cociñeiro ao grupo 2.

Na vixencia do convenio o grupo 3 de protección ha de alcanzar os mesmos salarios que o grupo 3 de reforma, equiparándose os CE. No resto a diferenza entre as táboas de reforma e protección reduciranse nun 50% (CE), para iso a parte das subidas que se aplican en reforma, propónse un c.e. en protección que para o último ano supoña unha redución do 50% da diferenza actual con respecto ao de reforma neste caso sería de 150€ nos grupos 1A, 1B e 2.

Aplicación das táboas de reforma en todos os centros e programas que emanen da aplicación da Lei de Reforma Xuvenil.

PROPOSTA FINAL IMPOSTA POLA PATRONAL, ASINADA POR UNHA SOA OO.SS, INASUMIBLE NO CONXUNTO E VERGOÑENTA NALGÚN PUNTO PARA CIG-ENSINO:

Vixencia do convenio: ate 2025, que resulta abusivo polo longo prazo sen melloras significativas, máis neste contexto de crise sanitaria e económica, que empregou a patronal e que sempre había a posibilidade de negociar e con presión social en 2022...

Xornada laboral: manterase a xornada semanal máxima actual das 38,5h. e só se fará un axuste das horas anuais a 1.722h.(estaban infladas as 1.750h actuais) Aplicaranse a partir da renovación dos contratos, senón a partir do 31/12/2025. Un desprezo total!

Vacacións/Permisos e licencias: sen avances, polo que quedan tal cal están no III convenio. Só se creará un “grupo de traballo” polos asinantes para facer unha adaptación de todo o texto do convenio á normativa legal actual, que xa é de obrigado cumprimento, e logo a patronal incluíu a “clasificación profesional” e a “xubilación forzosa”, que pasarán pola mesa negociadora. Esperemos que isto non supoña un novo paso atrás ou involución de dereitos para os traballadores/as, pola porta de atrás!!

Táboas salariais: suba dun 7% sobre SB bruto anual de protección (Salario Base + CE de 110€), distribuído a razón dun 1,75% cada ano. Exclúese por tanto do incremento as cantidades de CE en Centro de reforma que exceden de 110€ (polo que a suba nestes centros é menor a esa %). Só aos Grupos 3 e 4,

engádesse un 0,5% de incremento, pasando a ser do 2,25% no 2025 (7,5% no total, insignificante nos salarios máis baixos).

Só se garanten 5€/mes no Salario Base cada ano,(suba do 0,35% e o 0,56%, segundo categoría) pois o resto da suba engadirase ao Complemento Específico correspondente, que só se cobrará a partir da renovación dos contratos/convenios coa administración, e en todo caso a partir do 31/12/2025. Ante un novo engano futuro, coma o III convenio? Que lles impide ás patronais e administracións prorrogar contratos , convenios,...?

Logo a discriminación salarial histórica no CE, reducirase 60€ distribuídos en 4 anualidades ao CE de Centros de Protección, a razón de 13,75€ mensuais ao CE cada ano(2022 – 2024), excepto o ano 2025 en que serían 18,75€ mensuais. Tamén a cobrar previas renovacións, pois só estarán garantidos a partir do 31/12/2025.

Complementos funcionais de Dirección, Subdirección e Coordinación: establécense 4 niveis salariais por grupo en función do tamaño do centro e/ou o nº de traballadores/as que se atopen no mesmo. Incluído pola patronal.

Desde a CIG-Ensino, cualificamos de engano este novo convenio asinado, mantendo a nosa coherencia sindical no que defendemos sempre no sector, avalados polos traballadores/as galegos/as que representamos. Non acada os obxectivos marcados.

É lamentable que a OO.SS maioritaria, de bolígrafo rápido e interesado, se pregase ás patronais, pois de manterse a unidade sindical e de presión poderíase ter avanzado moito máis, tal e como reivindica o sector en Galicia. Máis cando este contexto social actual non axudaba, só pode ir para mellor no futuro (no 2022 remataba o III convenio), tendo que vir anos de IPC altos.

De novo as diferenzas de modelo sindical se evidenciaron e o pactismo, entreguismo, así como o ámbito de negociación estatal viciado e afastado dos traballadores/as, fixo que se asinase un convenio á medida das patronais do sector, amarrando a moi longo prazo unhas condicións laborais e salariais que non están á altura da profesionalidade e dos merecementos dos traballadores/as, que din representar.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal